



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2021

1. ESTUDO SOBRE ATRASOS DOS INFORMES PSICOSOCIAIS DO IMELGA EN ASUNTOS DE FAMILIA

Como ampliación á enquisa realizada no primeiro trimestre de 2020, este colexio está a realizar un estudo sobre o tempo de espera e os atrasos na emisión de informes psicosociais por parte do Imelga en procedementos de familia. Unha vez realizado e tras constatar mediante estatísticas os tempos medios de espera dos atrasos, será presentado ante os organismos competentes para que tomen as medidas necesarias de cara a solucionar o problema existente.

Para este fin, volvemos solicitar a colaboración de todos os colexiados e colexiadas que sufriron ou están a sufrir algún atraso na emisión de informes nos procedementos de familia para que nos indiquen por escrito o tempo medio de espera ou o atraso na elaboración dos ditos informes.

Non é necesario que nos indiquen os datos do procedemento, só o tempo que se tardou en emitir o dito informe ou canto se leva agardando por el, así como o tempo que tardou o Imelga en remitir o informe ao xulgado unha vez feitas as entrevistas.

Para remitir a dita información poderase utilizar a App do colexio (ICA Santiago), a través do apartado “Incidencias” ou ben remítilla por correo electrónico a icajuzgado@icasantiago.org.

2. CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA (TELEFORMACIÓN)

O Colexio de Avogados (ICAS), en virtude do convenio asinado coa Xunta de Galicia en materia de normalización lingüística, vai impartir en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica un curso de especialización en linguaxe xurídica galega.

Trátase dunha formación transversal que ten como obxectivo dotar os profesionais da avogacía de competencias específicas para a produción de textos de calidade. O curso conta cunha homologación da Xunta de Galicia que o equipara ao Curso medio de linguaxe xurídica para os efectos de valorar os coñecementos en lingua galega nos procesos de promoción interna na Administración.

Dirixido a: colexiados/as do ICAS e alumnado do Máster de Avogacía

Modalidade: teleformación, a través da plataforma formativa Platega

Datas lectivas: do 10 de maio ao 11 de xullo

Requisito de acceso: acreditación de nivel de competencia en lingua galega do Celga 4 (certificación de nivel ou validación)

Certificación: si, expedida conxuntamente pola Xunta de Galicia e polo ICAS

Custo: gratuíto

Prazas: 20 (10 para colexiados/as do ICAS e 10 para alumnado do máster), que serán asignadas por rigorosa orde de recepción das solicitudes

Inscrición: solicitude dirixida ao correo electrónico linguista@icasantiago.org (nome e apelidos, NIF, correo elec. e, de ser o caso, núm. de colexiación)

Prazo de inscrición: ata o mércores 5 de maio ás 14.00 h

Programa: anexo III da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24.06.2011)

Máis información: contactar co Servizo de Asesoramento Lingüístico (981 581 713, ext. 5, en horario de 9.00 a 14.00 h, ou no correo linguista@icasantiago.org).